



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Básico de aplicador de fitosanitarios

**CONVOCATORIA:** Administración autonómica, primeiro semestre

**GRUPO:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

**ÁREA:** Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	27
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	ANULADO	<b>ANO:</b>	2018
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 15/02/2018 - 08:00h ao 26/02/2018 - 23:55h

**RESPONSABLE:** GAGO MOLDES, ELISA [elisa.gago.moldes@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios, establece nos seus artigos 17 e 18, que o persoal que preste servizos de tratamentos con praguicidas debe de ter superado os correspondentes cursos de capacitación homologados.

O curso básico de aplicador de fitosanitarios permitirá adquirir o coñecemento necesario e a formación elemental para poder obter o carné de aplicador de produtos fitosanitarios, no seu nivel básico.

### DESTINATARIOS

Persoal adscrito aos Servizos de Conservación da Natureza que realicen traballos de campo.

### PROGRAMA

Día 1 (4 horas de duración):

Tema 1. Pragas dos cultivos: clasificación e descrición.

Profesora: Rebeca Pena Pérez

Día 2 (4 horas de duración):

Tema 2. Produtos fitosanitarios: clasificación e descrición. Importancia e contido das etiquetas e das fichas de datos de seguridade: Clasificación e etiquetado. Pictogramas, palabras de advertencia, frases de risco ou indicacións de perigo, consellos de prudencia, síntomas de intoxicación e recomendacións para o usuario. Casos prácticos.

Tema 3: Riscos derivados da utilización de produtos fitosanitarios para o medio ambiente. Medidas para reducir ditos riscos, incluíndo medidas de emerxencia en caso de contaminacións accidentais. Boas prácticas ambientais en relación á preservación dos recursos naturais, biodiversidade, flora e fauna. Protección e medidas especiais establecidas na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE). Eliminación de envases baleiros. Casos prácticos.

Profesor: Juan Carlos Nieto Pérez

Día 3 (4 horas de duración):

Tema 4. Perigo dos produtos fitosanitarios para a saúde das persoas:

- Riscos para o consumidor por residuos de produtos fitosanitarios. Maneira de evitalos e medidas de emerxencia en caso de contaminacións accidentais. Concepto de seguridade alimentaria.

- Riscos para a poboación en xeral.

- Riscos para o aplicador: Intoxicacións e outros efectos sobre a saúde. Prácticas de primeiros auxilios.

- Estruturas de vixilancia sanitaria e dispoñibilidade de acceso para informar sobre calquera incidente ou sospeita de incidente.

Tema 5. Medidas para reducir os riscos sobre a saúde: Niveis de exposición do operario. Posibles riscos derivados de realizar mesturas de produtos. Medidas preventivas e de protección do aplicador. Equipos de protección individual.

Profesora: Rebeca Pena Pérez

Día 4 (4 horas de duración):

Tema 6. Prácticas de identificación y utilización de EPIs.

Tema 7. Secuencia correcta durante el transporte, almacenamiento y manipulación de los productos fitosanitarios.

Tema 8. Métodos de control de pragas, incluíndo os métodos alternativos. Tratamentos fitosanitarios. Preparación, mestura e aplicación.

Profesor: Juan Carlos Nieto Pérez

Día 5 (4 horas de duración):

Tema 9. Métodos de aplicación de produtos fitosanitarios. Factores a ter en conta para unha aplicación eficiente e correcta.

Tema 10. Equipos de aplicación: descripción e funcionamento.

Tema 11. Limpeza, mantemento e inspeccións periódicas dos equipos.

Profesor: Juan Carlos Nieto Pérez

Día 6 (4 horas de duración):

Tema 13. Relación traballo-saúde: normativa sobre prevención de riscos laborais.

Tema 14. Métodos para identificar os produtos fitosanitarios ilegais e riscos asociados ó seu uso. Infraccións, sancións e delitos.

Profesora: Rebeca Pena Pérez

Día 7 (3 horas de duración):

Exame

Tema 12. Prácticas de aplicación de tratamento fitosanitario.

Profesor: Juan Carlos Nieto Pérez

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

No caso de que o número de solicitantes sexa maior ao de prazas dispoñibles, o criterio de selección será seguindo rigoroso orden de inscrición.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 12/03/2018 a 22/03/2018

**NUM. PRAZAS:** 30

**ESTADO:** NORMAL

**DATA EXAME:** 22/03/2018 ás 18:00h

### DOCENTES NOMEADOS

Juan Carlos Nieto Perez

REBECA PENA PÉREZ

### LUGAR DE REALIZACIÓN

EGAP: días 12, 13, 14, 15, 19 e 20 de marzo de 2018 de 16:00 a 20:00 h

Centro de formación e experimentación agroforestal de Sergude. Lugar de Quián s/n, 15881 Sergude - Boqueixón (A Coruña): día 22 de marzo de 2018 de 16:00 a 19:00h